



## **PROCESO SELECTIVO LISTAXE RESERVA OFICIAL DE 1ª.**

**Ares, 14 de decembro de 2023**

**Aspirante :**

**Nome e apelidos :**

**DNI :**

**Sinatura :**

**1.- O municipio ten os seguintes elementos :**

- A) O territorio, a poboación e a organización.
- B) O territorio e o espacio.
- C) A poboación e o mar.
- D) A organización, os ríos e o alcalde.

**2.- O término municipal é:**

- A) O territorio no que o Concello exerce as súas competencias.
- B) Onde residen os concelleiros e a poboación do mesmo.
- C) A suma dos distintos elementos do municipio.
- D) O territorio onde se aplican as súas leis.

**3.- O alcalde :**

- A) Despois do Delegado do goberno ostenta a máxima representación do municipio.
- B) É o presidente da Corporación Local, ostenta a máxima representación do municipio e é o responsable da sua xestión política ante o pleno.
- C) Non ostenta representación alguna por canto a mesma corresponde ao Goberno da nación.
- D) Todas as anteriores son falsas.

**4.- O pleno da Corporación está formado por:**

- A) Polo alcalde, o secretario e o xefe da policía local.
- B) Polo alcalde, os concelleiros do grupo de goberno e un representante de cada partido político.
- C) O Pleno está integrado por todos os concelleiros e é presidido polo alcalde.
- D) Todas as anteriores son correctas.

**5.- En que ano se aprobou a Constitución española :**

- A) 1968.
- B) 1910.
- C) 1978.
- D) 1981.

6.- A soberanía nacional :

- A) Reside nos ciudadans de maior idade.
- B) Reside no pobo español.
- C) Reside no Rei.
- D) Reside no Ciongreso e no Senado.

7.- Os poderes da Comunidade Autónoma de Galicia emanan :

- A) Do goberno central, tribunal Supremo, Tribunal Constitucional.
- B) Da Constitución, do presente Estatuto e do pobo.
- C) Do Goberno Central, Tribunal de Contas, Audiencia nacional.
- D) Tribunal Constitucional, Congreso dos Deputados.

8.- O territorio de Galicia é o comprendido :

- A) Nas actuais provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.
- B) Nos actuais territorio que comprende A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela como capital de Galicia.
- C) O territorio de Galicia é o comprendido no establecido no apartado de Comunidades autónomas da Constitución española.
- D) O territorio de Galicia está comprendido polas parroquias e concellos.

9.- Un sinal de forma redonda con pictograma branco, fondo azul e bordo branco ou azul é un sinal de:

- a) advertencia.
- b) prohibición.
- c) salvamento.
- d) obligación.

10.- A evacuación do centro de traballo realizase cando:

- a) vese fume no centro de traballo.
- b) todas as etapas de protección, detección e extinción do lume fallaron e existe risco para a vida das persoas.
- c) cando os sprinklers comezan a funcionar.
- d) cando se chamou aos bombeiros.

11.- A finalidade dos primeiros auxilios é:

- a) curar as feridas más graves do accidentado.
- b) evitar que o accidentado empeore o seu estado, aliviar a dor e facilitar a evacuación.
- c) dar ao ferido algunha pastilla para evitar a dor.
- d) despegar rapidamente as roupas queimadas da pel para evitar infección.

12.- Cuntos polos ten o interruptor automático diferencial para subministracións trifásicos con neutro?

- a) 2.
- b) 3.
- c) 4.
- d) 5.

13.- Coñécese por acometida, ao conxunto de:

- a) Á suma de arqueta e albañal.
- b) Á suma de arqueta e imbornal.
- c) Á suma de arqueta e sumidoiro.

d) Á suma de arqueta e arenero.

14.- Para o correcto funcionamento da instalación de saneamento dun edificio, revisaranse e desatascarán os sifones e válvulas:

- a) cada seis meses
- b) cada vez que se produza unha diminución apreciable do caudal de evacuación ou haxa obstrucións
- c) Cada ano coincidindo coa chegada da época de choivas
- d) cada vez que se produza unha obstrución total da rede de evacuación

15.- A que se denomina en fontanería "golpe de ariete"?

- a) Á velocidade da auga ao saír da billa.
- b) Á vibración producida nos canos.
- c) Á presión que soporta a tubaxe.
- d) Á calor que desprende a soldadura.

16.- En xardinería o descabezado é...

- a) A eliminación das copas laterais para reducir o ancho da copa.
- b) A eliminación do ápice da árbore.
- c) A eliminación das ramas laterais entre nós para reducir o ancho de copa.
- d) A eliminación do tronco da árbore.

17.- A mestura de áridos, total ou parcialmente machucados, na que a granulometría do conxunto dos elementos que a componen é de tipo continuo, chámase:

- a) Grava.
- b) Saburra artificial.
- c) Macadam.
- d) Subbase granular.

18.- Que útil se utiliza en carpintería para efectuar cortes en ángulos de 45 e 90 graos?

- a) Caixa ingletes.
- b) Taladradora de man.
- c) Berbiquí de trinquete e barrenas.
- d) Calquera dos anteriores.

19.- Cal destas relacións é a correcta?

- a) Escala = Medida no terreo / Medida no plano.
- b) Escala = Medida no plano / Medida no terreo.
- c) Escala = Medida no plano X Medida no terreo.
- d) Ningunha delas.

20.- A identificación dos condutores nunha instalación eléctrica. Sinala a resposta correcta:

- a) Os condutores activos son de cor negra, marrón e cando sexa necesario identificar as tres fases pódese emplegar a cor gris.
- b) Os condutores activos son de cor negra, marrón e cando sexa necesario identificar as tres fases pódese emplegar a cor azul.
- c) O conductor neutro é de cor azul.
- d) Son correctas as respuestas a) e c).

RESERVA 1.- A aparición de engurras ou pliegues na textura da pintura estendida, pode deberse a:

- a) Que se carga en exceso o pincel ou o rodete.
- b) Que a pintura que utilizamos está sucia con láminas ou burbollas elásticas.
- c) Que transcorreu demasiado tempo entre man e man de pintura.
- d) Que a superficie que se pinta está exposta a baixas temperaturas.

RESERVA 2.- O peso máximo recomendado en condicións ideais para as súas manipulacións é de .....

- a) 50 kg en homes e 25 kg en mulleres.
- b) 35 kg en homes e 25 kg en mulleres.
- c) 25 kg en homes e 15 kg en mulleres.
- d) 15 kg en homes e 5 kg en mulleres.

RESERVA 3.- As comisión informativas :

- A) Responden na súa composición á representación proporcional da composición plenaria.
- B) Estarán compostas por todos os concelleiros que soliciten participar nas mesmas.
- C) Soamente estarán compostas por concelleiros do grupo de goberno.
- D) Todas as anteriores son correctas.